

FICHA LINGUA TEMA 12

1. Completa as oración coa palabra axeitada:

lámpada • cómoda • vaixela • espello



- O restaurador repara unha _____ moi valiosa que ten a pantalla estragada.



- Neste _____ tan antigo xa se miraba o noso bisavó.



- Teña coidado cando colla a _____ de porcelana, que é moi fráxil.



- O anticuario recibiu esta semana unha rechamante _____.

2. Localiza, nas oracións anteriores, a palabra a que se refire cada expresión e cópiaa:

- Que ten moitos adornos. ► _____
- Que ten moitos anos. ► _____
- Que rompe facilmente. ► _____
- Que ten gran valor. ► _____

3. Indica cun x as palabras que teñen sufixo:

Vento	ventoso	ventilar
Areal	areeiro	área
Terreo	terra	terrazo
Campanario	campá	campaña

4. Marca cun x a opción correcta:

- ☐ Ao final da liña ou ao comezo doutra podemos deixar unha vogal soa.
- ☐ Nin ao final da liña nin ao comezo doutra podemos deixar unha vogal soa.

5. Pon un x ás palabras que son adverbios:

- | | | | | | |
|-----------|----------|---------|----------|----------|---------|
| • máis | • ben | • alí | • vinte | • polo | • preto |
| • unha | • branco | • nada | • mellor | • así | • lavar |
| • antonte | • diante | • nunca | • nosas | • acotío | • moito |

6. Clasifica os adverbios anteriores segundo a circunstancia que expresen:

- | | | | | |
|----------------|---|-------|-------|-------|
| • DE TEMPO | ▶ | _____ | _____ | _____ |
| • DE MODO | ▶ | _____ | _____ | _____ |
| • DE LUGAR | ▶ | _____ | _____ | _____ |
| • DE CANTIDADE | ▶ | _____ | _____ | _____ |

7. Marca cun x as oracións nas que apareza un adverbio:

- ☐ Gústame moito pasear despois de comer.
- ☐ Miña nai mercou moito turrón para o Nadal.
- ☐ Onte foi o mellor día de curso.
- ☐ O enfermo vai mellor cada día.

8. Completa cada oración co nome do obxecto representado e a calidade que lle corresponda:

valiosas • antiga • fráxil • rechamante

- Este  _____ tan adornado é demasiado _____ para meu gusto.
- A  _____ da bisavoa é moi _____: ten máis de 100 anos!
- Xa non se encontran  _____ coma esta e por iso son tan _____.
- A  _____ é moi _____ e cómpre collela con coidado!